

PREMIOS FIN DE GRAO

Curso 20/21

Nos Premios Fin de Grao deberase interpretar en público un programa de ao menos **3 obras de diferentes estilos** e de ao menos **30 minutos de duración**.

Criterios valorativos

1. Nivel de dificultade e interese artístico das obras do programa presentado.

Deberase interpretar un repertorio estilisticamente variado e de dificultade acorde co nivel requirido para optar ao premio en cuestión.

2. Dominio técnico e musical das obras a interpretar.

- Amosar un grao de asimilación dos conceptos técnicos específicos de cada especialidade.
- Interpretar os textos musicais presentados cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos , así como con rigorosidade ante as indicacións dos aspectos referidos ao tempo e agóxica das obras.
- Mostrar na interpretación do repertorio o necesario coñecemento da partitura xeral, é dicir, tanto da parte propia como do resto de partes que interveñen no discurso musical.
- Coñecer e aplicar á interpretación as características estilísticas do repertorio programado.

3. Nas obras que requiran de acompañamento, valorarase o dominio dos aspectos propios da concertación: axuste, empaste, afinación, xestos da interpretación camerística, respecto aos planos sonoros.

*(os candidatos deberanse facer cargo de traer os músicos acompañantes que poidan necesitar)

4. Aspectos propios da posta en escena: actitude cara ao público e tribunal, dominio do escenario.

5. Demostrar capacidade de análise e desenvolvemento duns criterios interpretativos individuais dentro dos criterios axeitados a cada obra.

6. Valorarase a interpretación de memoria.

Criterios valorativos aprobados pola CCP do 14 de maio de 2019.